

**ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO**  
**11 DE OUTUBRO DE 2023**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do mércores 11 de outubro de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Luis Antonio Pérez Barral o 5-10-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario**.

A celebración do pleno adopta a modalidade de **"presencial"** según Decreto de Alcaldía de data 5 de outubro de 2023

<b>Partido Popular (PP)</b>
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Estrella Franco Lijó
10.-Eladio Muñiz Muñiz
<b>Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
<b>Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
<b>Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr.Interventor en funcións** do mesmo, **D. Jorge González Mariño**.

**ORDE DO DÍA**



PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 25 DE SETEMBRO DE 2023.**

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario** celebrado o **25 de setembro de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o Sr. **alcalde-presidente** pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria** do día **25 de setembro de 2023**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O Sr. **alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **25 de setembro de 2023**.

*(debatense conxuntamente os puntos nº 2 e 3, coa votación independente)*

**2.-APROBACIÓN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO**

Dase conta ao Pleno dun dictame da Comisión Informativa de de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Visto que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que as Corporacións Locais aprobarán, no seu ámbito, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.*

*Visto o proxecto de Orzamentos do Concello de Ribeira para o ano 2023.*

*Visto o informe de Intervención, aos efectos meramente informativos, debido a suspensión das regras fiscais para os anos 2020, 2021, 2022 e 2023.*

*Visto que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 36.422.992,21 euros e que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto é de 35.955.773,31 euros,*

*Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:*

**ÚNICO:-Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2023 a cantidade de 35.955.773,31 euros.**

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da



mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 10** PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre **APROBACIÓN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO** e en consecuencia aproba:

**ÚNICO:-**Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2023 a cantidade de 35.955.773,31 euros.

### 3.-APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS 2023. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN

Dase conta ao Pleno dun dictame da Comisión Informativa de de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

#### MEMORIA DA ALCALDÍA

#### ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023

*O Orzamento Municipal é a ferramenta indispensable para un correcto funcionamento da Administración Local. É moito máis que unha simple cifra ou un conxunto de números, é a ferramenta que permite que unha comunidade funcione de maneira eficiente, equitativa e transparente. Xa que logo é o reflexo das prioridades e valores dunha cidade e a súa correcta xestión é esencial para o benestar de tódolos habitantes de Ribeira.*

*Este primeiro orzamento tamén é o primeiro documento económico dun novo goberno municipal formado polo acordo acadado por tres forzas políticas, BNG, PBBI e PSG-PSOE, trala toma de posesión o pasado 7 de xullo. Un novo goberno que ten como propósito escoitar e atender as demandas da veciñanza e tamén impulsar proxectos que contribúan ao crecemento e desenvolvemento da actividade económica e empresarial, e co compromiso tamén do apoio á actividade cultural, deportiva e educativa de Ribeira e das súas parroquias. A acción de apoio ás persoas maiores, a dependentes ten tamén reflexo no orzamento que se presenta. Recolle este orzamento distintos proxectos de investimento que están condicionando a acción do goberno municipal. Proxectos nos que temos uns compromisos que foron adquiridos polo goberno anterior, que de non executalos suporía unha perda de fondos procedentes doutras administracións.*

*Sendo conscientes da aprobación extempóranea deste orzamento, puidera levarnos a pensar da pouca utilidade pola curta vida do mesmo, mais é preciso o trámite para posibilitar os procesos de licitacións de proxectos condicionados a prazos determinados e dar cobertura tamén ás necesidades de crédito que presentan diversas partidas de gasto, para afrontar pagamentos de servizos xa realizados e dar viabilidade a continuidade do funcionamento dos servizos.*



Grazas á planificación e ao esforzo emprendido por este Goberno Local, imos poder aprobar as contas para o exercicio do ano 2023. Este fito permitirá executar os proxectos e a prestación servizos municipais que demanda a veciñanza do municipio tras máis de dúas anualidades sen un documento económico actualizado. A aprobación deste Orzamento claro e detallado, facilitará que poidamos levar a cabo obras públicas, programas sociais, servizos de seguridade, educación, saúde e outros aspectos esenciais cos que atender as necesidades da cidadanía.

Levamos as contas do ano 2023 a pleno por dúas cuestións importantes:

- En primeiro lugar porque era unha das prioridades que nos marcamos realizar antes dos 100 días de mandato para poder darlle resposta ás obrigas adquiridas por esta Administración.
- En segundo lugar para poder darlle resposta ás demandas máis esenciais da veciñanza de Ribeira e para poder facer un reforzo dos servizos públicos básicos como son o mantemento ou a seguridade.

A presente Memoria, elaborada de acordo cos artigos 168.1.a) do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, pretende explicar o contido do Orzamento Municipal para o exercicio 2023 que se somete á consideración do Pleno da Corporación, así como as principais modificacións que presenta respecto ao do exercicio anterior.

## INTRODUCCIÓN

A elaboración do Orzamento Municipal constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, un orzamento permite unha asignación xusta e equitativa dos recursos. Isto significa que se poden destinar os fondos necesarios para atender as áreas que máis o requiren. Por exemplo, pódense priorizar proxectos como a mellora do mantemento que tanto nos demanda a veciñanza e que historicamente estivo infradotada ou investir en programas sociais que axuden a reducir as desigualdades. Un orzamento ben planificado é unha ferramenta para promover a xustiza social e a igualdade de oportunidades pero tamén é o medio para afrontar gastos derivados de convenios e de subvencións á entidades pendentes de anos anteriores, como é o caso das ANPAS e do Museo do Gravado de Artes, e destinando o excedente resultante ao investimento. Trátase en definitiva, de dar resposta ás demandas da cidadanía.

O Orzamento experimenta unha diminución de 0,16% en termos globais respecto do orzamento 2021. A pesar do contexto económico, no que continúan manifestándose os efectos dunha crise económica que afecta á poboación galega pero tamén ás propias Administracións públicas provoca a redución dos recursos dispoñibles. Neste sentido, os efectos dun incremento xeneralizado de prezos e dos tipos de xuro, son cuestións que condicionan e teñen reflexo neste orzamento. Así mesmo os recursos económicos municipais tamén están neste documento asumindo a carga que supón dar cobertura a esa atención á dependentes e maiores, así coma tamén ó custe das prazas da escola infantil que non é financiado no 100% pola Consellería de Política Social.

Debemos destacar as liñas de actuacións de investimentos iniciadas polo goberno anterior polas que se están a realizar obras que precisan de achegas económicas con cargo o orzamento municipal e que están a supor unha carga financeira considerable e implicando, á súa vez, unha minoración de recursos para afrontar mantementos das infraestruturas existentes. En todo caso, o equipo de Goberno do Concello de Ribeira é consciente da importancia do Orzamento Municipal como instrumento para a adecuada xestión dos servizos públicos municipais e para poñer á cidadanía no centro da nosa acción governamental.

Velaí van algúns datos:

GASTO:

1. O investimento que se realiza na área social refórzase no ano 2023 nun 13% máis que no orzamento 2021.



### FIRMANTE - FECHA



2. Mellóranse os dereitos laborais do persoal público do Concello de Ribeira mediante a aplicación práctica da Relación de Postos de Traballo (RPT), atendendo así as reivindicacións do persoal ca entrada en vigor da RPT, a carreira profesional e o convenio colectivo. Tamén se contemplan os gastos de persoal actualizados de acordo o incremento salarial establecido nas leis de orzamentos 2022 e 2023.
3. Un orzamento que investirá unha importante cantidade de fondos públicos grazas a Administracións públicas como a Deputación da Coruña, Xunta de Galiza mais tamén grazas a Plans como o Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) ou os Next Generation que ascenden a 9,5 millóns de euros.
4. O capítulo II de gasto (gastos en bens correntes e servizos) incrementábase nun -9,42%, tendo as seguintes particularidades:
  - O incremento da consignación na área de dependencia, superior ao 15% permitirá cubrir a demanda do gasto de axuda no fogar e dependentes, ascendendo o custe total por este concepto por riba de 1,2 millóns de euros.
  - Os continuos incrementos dos custos enerxéticos (combustible e electricidade) que afecta de maneira directa a tódolos servizos que presta o Concello.
  - As actualizacións de prezos do contrato de servizos enerxéticos referente a prestación P1, que é a relativa ao prezo da enerxía consumida.
  - A taxa de inflación está a provocar que o Concello de Ribeira dispoña de menos capacidade económica pola escalada continua dos prezos dos materiais.
5. Incremento dun 28,05% do orzamento social a través do capítulo de transferencias, apoiando aos nosos clubs, deportistas, eventos deportivos, festas de interese social, cultural e gastronómico, ás asociacións de diversidade funcional, ás persoas maiores, ás persoas en risco de exclusión, á mocidade, a primeira infancia, así como a cidadanía en xeral a través da bonificación no transporte, representado a consignación total deste capítulo máis de 835.000 euros.

INGRESO:

1. Actualización do ingreso corrente da suma dos capítulos 1 e 2, sendo o capítulo 3 o que se adecúa a unha situación de normalidade na súa totalidade, xa que no último orzamento aprobado estaba afectado pola crise da COVID-19 e as súas consecuencias sobre a actividade normal e habitual do propio Concello.
2. Incremento do 17,02% na Participación nos Tributos do Estado para o ano 2023 e cifrado en 1.133.404,83 euros.
3. Importante incremento do 282,40% das transferencias de capital procedentes doutras Administracións como a Deputación da Coruña, Xunta de Galiza eos fondos PRTR Next Generation, obtendo por este concepto 9,5 millóns de euros en investimentos.



FIRMANTE - FECHA



4. *Cumprimento do obxectivo de estabilidade, cun superávit orzamentario de máis de 859mil de euros en termos de capacidade de financiamento da cordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95).*
5. *A estimación dos ingresos son en base á aplicación do elemental principio de prudencia.*

*Así as cousas, o Orzamento Municipal do Concello de Ribeira para o exercicio 2023, integrado unicamente polo do propio Concello, ascende a un total de 36.358.220,34euros, situándose un -0,16%por debaixo do orzamento do ano 2021.O importe global do orzamento para o exercicio 2023representa, aproximadamente,1.351,76euros por habitante (considerando unha poboación próxima aos 26.897 habitantes)<sup>1</sup>*

*Unha vez cuberto o gasto corrente necesario para o mantemento e funcionamento dos distintos servizos municipais, que debe financiarse con gasto corrente, destínase o exceso de ingresos correntes ao investimento, que alcanza neste exercicio a cifra de 12.502.290,15 euros (aproximadamente o 34,39%do total). Deste xeito, e dende o punto de vista do gasto, as partidas principalmente dotadas son as destinadas a gasto corrente, e investimento e gasto de persoal.*

*A análise completa do Orzamento pon de manifesto o seguinte:*

#### **A) Estado de Ingresos**

*A estimación dos ingresos municipais para o exercicio 2023 require dos seguintes comentarios:*

- *A variación que experimenta no seu conxunto o estado de ingresos respecto ao orzamento 2021, é dun -0,16%-*
- *Os recursos propios derivados dos impostos directos actualízanse respecto ao orzamento 2021, xustificable tendo en conta os estados demostrativos, así comas altas e variación no padrón catastral.*
- *A previsión de ingresos polo ICIO actualízase respecto ao orzamento 2021, xustificable en base ao estado de execución.*

*Polo que respecta ao capítulo de transferencias correntes e de capital,as subvencións consignadas xa están confirmadas ou se derivan de convenios prorrogables. Porén tamén é certo que se consignan subvencións solicitadas e que se veñen concedendo tódolos anos, ou no último exercicio,sendo estas a día de hoxe un ínfimo número, pero que aínda non están confirmadas,se ben a realización do gasto tan só terá lugar unha vez confirmadas as achegas correspondentes por parte do ente subvencionador.*

*O total do capítulo de transferencias correntes increméntase nun 19,24% respecto ao orzamento 2021, ascendendo o total a máis de 10,3 millóns de euros.*

- a) *O capítulo de ingresos patrimoniais contempla os ingresos previstos por xuros das contas bancarias de que é titular o Concello;estimase un importante incremento do 100%, en base a licitación das puntas ou excedentes da Tesourería municipal xa que no contexto económico actual, volverán a ser retribuídos polas entidades bancarias.*

<sup>1</sup>Fonte: Padrón municipal a 01.01.23.



*Tamén se consigna neste capítulo os ingresos previstos derivados das distintas concesións que ten este Concello, ademais dos ingresos anuais derivados do alugueiro da parcela no monte Santo Alberte.*

- b) *No capítulo VI, neste exercicio consignanse ingresos polo importe de 8.030 euros derivados do aproveitamento da madeira do monte de Santo Alberte.*
- c) *O total do capítulo de transferencias de capital ascende a máis de 9,5 millóns de euros para o financiamento dos distintos proxectos que figuran no anexo de investimentos.*
- d) *Por último, en relación ao capítulo 9 de ingresos, redúcese de maneira moi importante as operacións de endebedamento bancario nun-31,16%.*

*Neste capítulo, figura o préstamo (crédito extraordinario 1/2023) aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 1 de febreiro de 2023, polo importe de 1.359.991,04 euros, para cofinanciar a Rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética da Casa Consistorial, para o cal obtivemos unha axuda dos Fondos REACT-EU NEXT GENERATION través do programa PIREP 1 do PRTR polo importe de 2.836.394,24 euros.*

*Tamén figura un novo préstamo polo importe de 791.104,06 euros para o cofinanciamento varias actuacións, entre elas, o expediente de contratación da Rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética do Conservatorio de Aguiño, para o cal obtivemos unha axuda dos Fondos REACT-EU NEXT GENERATION través do programa PIREP 2 do PRTR, para cofinanciamento das actuacións comprendidas no Plan de Fortalecemento da Actividade Comercial e Turística de Ribeira e para o cofinanciamento do programa de transición enerxética municipal dotando de placas fotovoltaicas aos edificios municipais.*

*Existe dotación orzamentaria para outra operación de préstamo sen xuros, polo importe de 384.263,36 euros, neste caso coa Xunta de Galiza, a través do IGVS para o financiamento da segunda anualidade da rehabilitación e construción da nova Biblioteca Municipal.*

*Tamén se recolle unha operación de crédito, neste caso ca Deputación da Coruña a través do Plan Único de concellos (POS+) (préstamo provincial 2023) polo importe de 9.544,41 euros, coas seguintes condicións:*

- *Sen xuros.*
- *Con dous anos de carencia.*
- *Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2025, nos meses de xuño e novembro.*

*Dita operación ten como finalidade:*

- *Reducir o endebedamento como mínimo no importe resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a través do Plan Único de concellos, a porcentaxe do seu endebedamento nos termo establecidos no artigo 53 do RDL 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.*

**B) Estado de Gastos**

*A través desta proposta de gastos trátanse de alcanzar unha serie de obxectivos que redunden en beneficio da cidadanía, de xeito tal que a avaliación a posteriori da mesma permita non só analizar o nivel de execución orzamentario alcanzado, senón tamén, e o que é máis importante, o grado de consecución dos obxectivos formulados.*





Por todo isto, as previsións contidas no Estado de Gastos deste proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2023 baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que seguidamente se indican de forma resumida:

O **Capítulo I** (gastos de persoal), experimenta un aumento do 9,67% como consecuencia de:

- Incremento salarial (2%) segundo o disposto na Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.
- Incremento salarial (1,5%) segundo o disposto no RD-Lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público.
- Incremento salarial (2,5%) segundo o disposto na Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Dotación orzamentaria suficiente para o incremento e ou adecuación dos postos de traballo resultantes da aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, segundo acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 27 de marzo de 2023.
- Consignación orzamentaria da carreira profesional, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 27 de marzo de 2023.
- Dotación orzamentaria para cubrir os seguintes postos de traballo de carácter estrutural:

- 1 técnico de administración xeral adscrito a área de urbanismo.
- 1 auxiliar administrativo na área de servizos xerais.
- 1 auxiliar administrativo na área de servizos económicos.
- 1 auxiliar administrativo na área de atención cidadá.
- 1 responsable de comunicación social e dixital.
- 1 dinamizador do museo do gravado.
- 2 operarios multidisciplinares para o servizo de obras e mantementos.
- 2 peóns para o grupo de apoio a emerxencias municipais.
- 1 mestre de música para o desenvolvemento da Aula de Música do Conservatorio Municipal.
- 2 axentes da policía local.
- 2 oficiais da policía local.
- 1 educador social na área de servizos sociais.
- 1 psicólogo para os talleres de memoria na área de servizos sociais.
- 1 operario xardineiro na área de medio ambiente.
- 1 psicólogo na área da UAD.
- 1 conserxe na área de deportes.

Así mesmo, no orzamento do ano 2023 contéplase a incorporación dos seguintes postos de traballo:

a) de carácter fixo-descontinuo:

(12) auxiliares de policía.





- (3) técnicos de turismo.
- (9) condutores e peóns brigada contraincendios.
- (23) socorristas, xefes de praia e aux. información praias.

b) de carácter temporal:

- (2) peóns programa APROL RURAL.
- (2) peóns programa RISGA.
- (5) peóns PEL 2023

*O Capítulo II (gasto corrente) representa aproximadamente o 36,12%do Orzamento Xeral, sendo o que rexistra a maior consignación de todo o orzamento. A través dos créditos consignados dentro deste capítulo trátase de atender os gastos necesarios de funcionamento da Entidade e de garantir as obrigas derivadas dos contratos asumidos polo Concello. Así, as previsións contidas neste Estado de Gastos baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que a continuación se indican de forma resumida:*

a) Con carácter xeral, os servizos manteñen ou actualizan as consignacións do pasado orzamento 2021.

b) Como excepción, este ano 2023, existen importantes incrementos e/ou actualizacións orzamentarias no gasto nas seguintes áreas:

- área dependencia, incremento superior ao 15% (145 mil euros), e aras a cubrir a demanda do gasto de axuda no fogar e dependentes, ascendendo o custe total por este concepto por riba de 1,1 millón de euros.
- área social, incremento superior ao 25%, actualización dos custes enerxéticos (electricidade) e axudas ou programas de carácter social.
- área CIM, incremento superior ao 87%, actualización dos custes enerxéticos (electricidade) e campañas, programas de sensibilización e prevención da violencia de xénero.
- área educación, incremento superior ao 9%, actualización dos custes enerxéticos (electricidade) e mantementos dos colexios, ademais do contrato escola infantil cun incremento do 14%.
- área policía, incremento superior ao 25%, actualización dos custes enerxéticos (combustible e electricidade) e o contrato de renting do vehículo policial.
- área gaem, incremento superior ao 16%, actualización dos custes enerxéticos (combustible e electricidade).
- área prevención incendios, incremento superior ao 10%, actualización dos custes enerxéticos (combustible).
- area xardíns, incremento superior ao 22%, actualización dos custes enerxéticos (combustible).
- área medio ambiente, incremento superior ao 34%, actualización dos custes enerxéticos (combustible).
- área viveiro de empresas, incremento superior ao 6%, actualización dos custes enerxéticos (combustible e electricidade).
- área museos, incremento superior ao 10%, actualización dos custes enerxéticos (electricidade).
- área cultura, incremento superior ao 11%, actualización dos custes enerxéticos (electricidade).
- área deportes, incremento superior ao 41%, actualización dos custes enerxéticos (combustible e electricidade), ademais do novo contrato de monitorado do complexo deportivo.
- área mercados, incremento superior ao 28%, actualización dos custes enerxéticos (combustible e electricidade).
- área obras e infraestruturas, incremento superior ao 14%, actualización dos custes enerxéticos (combustibles e electricidade), ademais do contrato de mantementos de infraestruturas e espazos públicos, cun incremento total do 70%.
- área novas tecnoloxías, incremento superior ao 11%, actualización dos custes enerxéticos (electricidade).



**FIRMANTE - FECHA**



- área patrimonio, incremento superior ao 10%, actualización dos custes enerxéticos (combustibles e electricidade).

c) Consígnanse os créditos necesarios para atender aqueles gastos derivados de contratos ineludibles para o Concello, o contrato de recollida de residuos e limpeza viaria, o contrato de auga e saneamento e o contrato da ESE en materia de alumado público, desagregados segundo as prestacións tal e como dispoñen os pregos de condicións de dita contratación, todos eles coas debidas consignacións orzamentarias derivadas dos acordos do Pleno da Corporación.

d) Indicar a minoración da consignación para facer fronte aos custes do canon de SOGAMA por quinto ano consecutivo, derivado da aplicación da bonificación do 15% no canon unitario de Sogama, o que supón uns -100.000 € respecto do orzamento 2021, e de 170.000 euros respecto ao ano 2018, recursos cuxo destino é o financiamento da atención ás persoas dependentes e os servizos sociais.

Dita bonificación será trasladada nun importe equivalente minorando os recibos en concepto de lixo do 4º trimestre do ano 2023, aplicando polo tanto unha rebaixa equivalente e superior a xa aplicada do 17% aos contribuíntes por dito concepto.

En canto aos **Capítulos III e IX**, indicar que se recollen, respectivamente, as cantidades correspondentes ao pago de intereses e amortización da débeda viva do Concello.

No caso do capítulo III, o incremento é consecuencia da evolución a alza do euríbor polas decisións do Banco Central Europeo para facer fronte a alta taxa de inflación e en función das distintas marxes que temos asinados nos préstamos bancarios. Devandita alza vese contrarrestada pola licitación dos excedentes ou puntas de tesourería que financiarán o 50% de dito incremento de intereses, non afectando polo tanto a estrutura de gastos correntes do Concello.

No caso do capítulo IX, destacar a diminución do -18,52% respecto ao orzamento 2021, polo que o Concello está aforrando 174 mil euros en amortizacións.

Esta redución é de significativa importancia por dous motivos, xa que nun primeiro lugar estamos a falar dun aforro de custos para o Concello na cantidade de 174.000 euros en amortizacións, e pola outra banda permite un aumento da capacidade orzamentaria para destinala a outras necesidades.

Polo que se refire ás transferencias correntes, o **Capítulo IV**, mantense na liña de exercicios anteriores, ademais das achegas a grupos políticos do Pleno Municipal, determinadas subvencións que xa se veñen recollendo en exercicios anteriores, a distribución das cales levarase a cabo a través do oportuno procedemento público de concorrencia competitiva. Agora ben, tamén se consignan nominativamente dentro deste capítulo determinadas subvencións a outorgar directamente polo Concello, de acordo co detalle recollido na Base 51ª das de execución do orzamento.

Destacar dentro do orzamento municipal, as axudas a outorgar dende o departamento da área social (Servizos Sociais) para emerxencia social e familias vulnerables, así como as axudas para comedores escolares e material escolar, incrementáanse no seu conxunto en máis dun 50%. Así mesmo, consígnase fondos para o financiamento de campañas conxuntas en materia de emerxencia social con Cáritas Diocesana e a Cruz Vermella, en aras a atención inmediata.

Existe unha consignación de 40.000 euros para a subvención da Festa da Dorna, cun incremento do 135,29% respecto ao orzamento 2021, mostra do apoio deste Concello a esta celebración.

Consígnanse as achegas aos clubs deportivos, ascendendo as mesmas a 150.000 euros para o apoio aos clubs, cun incremento do 66,67% respecto ao orzamento 2021, grazas a aposta decidida para a promoción do deporte de base no municipio. En materia deportiva, tamén se consignan subvencións nominativas a favor do Club Náutico e do Club Lajareu por Barlovento, coas que se pretende fomentar a escola de vela e a vela tradicional, respectivamente.

Tamén se inclúen dentro deste capítulo as achegas a realizar polo Concello á FEGAMP, FEMP, a Fundación Ruta Xacobeá, ao Padroado da Fundación contra o Narcotráfico, ao Grupo de Acción Costeira GAC Ría de Arousa, a Asociación de Desenrolo Local DELOA, a Mancomunidade de Arousa Norte e a Asociación Red INNPULSO.

A achega ordinaria a realizar á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte sitúase este ano en 55.000 euros por cada Concello, dando cumprimento así ao acordo adoptado polo Pleno do devandito ente que fixa a contía a ingresar.



A achega a realizar ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular mantense en 12.000 euros, segundo comunicación do ente.

Mantéñense as 3 liñas diferenciadas de subvencións a entidades sen fin de lucro:

- liña asociacións de maiores, dirixida aos clubs de xubilados e pensionistas radicados no municipio, ca mesma consignación do orzamento 2021.
- liña de actividades extraescolares, dirixida aos colexios públicos e concertados e asociacións de pais radicadas no municipio, mantendo a mesma consignación do orzamento 2021.
- liña subvencións culturais, dirixida as asociacións sen fin de lucro radicadas no municipio, ca mesma consignación do orzamento 2021.

Así mesmo, consígnase fondos para o financiamento de campañas conxuntas en materia de prevención con RENACER, coas asociacións de diversidade funcional AMBAR, AMICOS e A CREBA e coa asociación FAIBEN, en aras atención a infancia.

Destacar, en relación ca utilización do transporte público urbano no municipio, en aras a redución do impacto na cidade do uso do automóbil privado, e posibilitando a mobilidade para os mozos e mozas do Municipio con carácter gratuíto, o convenio asinado coa Xunta de Galiza, o cal proporcionou que 146.662 viaxes durante os anos 2021 e 2022 viran reducido o prezo do billete, polo que esta medida favoreceu un aforro significativo nos veciños e veciñas de Ribeira.

Así mesmo, o Concello de Ribeira, mantén o plan de mobilidade de transporte urbano escolar aos centros concertados, o que posibilita unhas axudas directas ás máis de 100 familias usuarias dos autobuses contratados polos colexios concertados para o curso 2022-2023, incrementando o seu apoio para unha redución do impacto que están a sufrir ás familias por mor da alza do prezo do servizo.

No capítulo VII de transferencias de capital, existe consignación polo importe de 162.592,10 euros, dos cales 142.592,10 € son necesarios para completar o cofinanciamento da anualidade froito da sinatura do convenio subscrito coa Xunta de Galiza, a través da Secretaría Xeral do Deporte, cuxo destino é o novo Módulo Cuberto de Atletismo na Fieiteira. A cantidade restante, 20.000 euros, ten como destino apoiar ao Club Náutico de Remo para adquisición dunha nova embarcación con destino a competición.

En referencia á capítulo VI de investimentos, o seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Cómpre indicar que tódolos investimentos previstos neste documento que están financiadas con subvención, contan co compromiso correspondente de achega por parte do ente que o subvenciona.

O último aspecto a destacar deste Orzamento é o relativo ao financiamento dos investimentos. Así, dedícase o sobrante do ingreso corrente (unha vez financiado o gasto corrente e a amortización de préstamos) a financiar os gastos de investimento que van permitir acometer as obras públicas necesarias para a comunidade, ao tempo que se manteñen outras partidas necesarias de investimento para os respectivos servizos. Así pois, o financiamento de todo este investimento lévase a cabo en maior medida co excedente de ingreso corrente, pola vía das transferencias de capital procedentes da Deputación Provincial da Coruña e da Xunta de Galiza, pola vía do crédito extraordinario 1/2023, acordado polo Pleno da Corporación, pola vía do novo préstamo bancario e co IGVS e polos fondos PRTR NEXT GENERATION obtidos.

Os concretos investimentos e o seu financiamento detállanse no Anexo de Investimentos do Orzamento.

#### Bases de Execución do Orzamento

De acordo co previsto no Real Decreto 500/1990 e no RDL 2/2004, as Bases de Execución son o equivalente a un Regulamento de Orzamentos Xerais a nivel do Concello. Regúlanse as seguintes materias:

- Niveles de vinculación xurídica dos créditos.
- Relación de créditos ampliables
- Regulación das transferencias de crédito.
- Tramitación dos expedientes de modificación de crédito e incorporación de remanentes de créditos.



- Normas reguladoras do procedemento de execución do Orzamento.
- Desconcentracións e delegacións en materia de autorizacións e disposicións de gastos.
- Documentos e requisitos que xustifiquen o recoñecemento das obrigacións.
- Acumulación de fases de execución do gasto.
- Pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Regulación de gastos plurianuais.
- Fiscalización.
- Criterios de dubidoso cobro a aplicar para calcular o remanente de tesourería.
- Normas que han de rexer a concesión de subvencións.

Basicamente, o contido das Bases de Execución mantense nos mesmos termos que no exercicio anterior, co fin de convertelas nun auténtico instrumento de execución do orzamento de acordo co esixido na normativa reguladora das facendas locais, de xeito tal que en relación ao seu contido interesa destacar o seguinte:

- a) Establécese unha referencia explícita para o caso de subvencións nominativas a conceder no exercicio, se fora o caso, non previstas inicialmente no Orzamento.
- b) Inclúese o listado de subvencións nominativas previstas no Orzamento inicial.
- c) Adaptación de determinadas normas o previsto na nova normativa contable de aplicación para a Administración Local.
- d) Establécese a competencia do Alcalde-Presidente ou da Xunta de Goberno Local para aprobar aquelas modificacións do anexo de investimentos que non leven aparelladas alteracións do importe máximo da operación de préstamo a concertar, se fora o caso, sempre e cando as alteracións afecten a partidas pertencentes ao mesmo nivel de vinculación xurídica. Todo isto co fin de axilizar a xestión destas modificacións.
- e) Establécense tamén unhas partidas específicas de transferencias correntes, a distribución das cales levarase a cabo por Decreto de Alcaldía, unha vez cumprido por parte dos seus beneficiarios os requisitos previstos para elo nas bases de execución.

**Plan de Medidas Antifraude Fondos NEXT GENERATION**

De acordo co previsto na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No artigo 6, establécese o reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interese, obrigatorio para tódalas entidades que participen na execución dos fondos PRTR.

Polo tanto, o Concello de Ribeira, sendo beneficiaria dos fondos PRTR, dispón de Plan de Medidas Antifraude, aprobado segundo decreto da alcaldía na data 29 de xuño de 2022, e actualizado segundo



decreto da alcaldía na data 12 de xuño de 2023, do que se extracta un resume do contido da aprobación:

- a) *aprobación do Plan de Medidas Antifraude do Concello de Ribeira no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos NEXT GENERATION EU.*
- b) *A declaración Institucional Antifraude, co fin de elevar ao máis alto nivel o compromiso deste Consistorio en materia de prevención, detección, corrección e persecución do fraude, a corrupción e o conflito de interese.*
- c) *O modelo de Declaración de Ausencia de Conflito de Interese, que deberá ser ratificada por cada un dos participantes nas distintas fases do procedemento de contratación ou adxudicación de subvencións así como polo contratista beneficiario.*
- d) *A constitución, composición e funcións do Comité Antifraude.*

*En virtude do exposto, permítome afirmar, motivada e fundamentadamente, que encontrámonos en presenza dun Orzamento caracterizado polas seguintes notas:*

- *Riguroso e acorde ás normas xurídicas e criterios económicos de suficiencia e sustentabilidade.*
- *Responsable co interese xeral.*
- *Orientado ao emprego e aos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda Urbana 2030 e a Nova Axenda Urbana ONU-Hábitat.*

*Todas as accións descritas nesta Memoria, foron feitas compatibles cos obxectivos de estabilidade orzamentaria.*

*No contexto operativo anteriormente mencionado, este Goberno foi capaz de facer unha xestión orientada a priorizar o mantemento e mellora dos servizos públicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social dos cidadáns do Concello de Ribeira.*

## **PROPOSTA**

*Preséntase así o Orzamento Xeral do exercicio 2023 para o Concello de Ribeira no que se recollen os recursos previsibles a través dos cales tratar de alcanzar os obxectivos formulados por este goberno municipal.*

*Por todo o exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes Acordos:*

1. *Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2023, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 36.358.220,34 €uros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.*
2. *Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2023 que se achegan neste documento.*
3. *Aprobar a aplicación do Plan de Medidas Antifraude para a xestión e execución dos Fondos Next Generation como complemento normativo das Bases de Execución do Orzamento.*
4. *Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.*
5. *Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.*



**FIRMANTE - FECHA**



6. *Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do orzamento para o 2023, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2024.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** (5 BNG, 5 PPB, 1 Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 10** PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalos** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre **APROBACIÓN ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2023** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO:**-Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2023, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 36.358.220,34 €uros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.

**SEGUNDO:**-Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2023 que se achegan neste documento.

**TERCEIRO:**-Aprobar a aplicación do Plan de Medidas Antifraude para a xestión e execución dos Fondos Next Generation como complemento normativo das Bases de Execución do Orzamento.

**CUARTO:**-Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.

**QUINTO:**-Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.

**SEXTO:**-Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do orzamento para o 2023, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2024.

#### 4.- APROBACIÓN PLAN ESTRATÉGICO SUBVENCÍONS 2023

Dase conta ao Pleno dun dictame da Comisión Informativa de de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:





**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que o artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións establece que os órganos das Administracións públicas ou calesquera entes que propoñano establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, unha vez elaborado o mesmo, esta ALCALDÍA propón ao PLENO do Concello de Ribeira o seguinte:

**ÚNICO.-** Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio económico de 2023 do Concello de Ribeira.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIONES: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre **APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO SUBVENCIONES 2023** e en consecuencia aproba:

**ÚNICO.-** Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio económico de 2023 do Concello de Ribeira.

**5.- SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, PARA OS INCREMENTOS NO PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN E AMPLIACIÓN DUN INMOBLE EMPRAZADO NA RÚA DE GALICIA, Nº 93, RIBEIRA, PARA DESTINALO A EDIFICIO ADMINISTRATIVO, USOS MÚLTIPLES E BIBLIOTECA MUNICIPAL.**

Dase conta ao Pleno dun dictame da Comisión Informativa de de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:





**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUIDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, PARA OS INCREMENTOS NO PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN E AMPLIACIÓN DUN INMOBLE EMPRAZADO NA RÚA DE GALICIA, Nº 93, RIBEIRA, PARA DESTINALO A EDIFICIO ADMINISTRATIVO, USOS MÚLTIPLES E BIBLIOTECA MUNICIPAL.**

Vista a Resolución do 2 de agosto de 2023 pola que se convoca, para a anualidade de 2023, o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concello de menos de 50.000 habitantes (DOG nº 160, do 24/08/2023).

Visto o informe sobre os "Incrementos no proxecto de Reconstrucción e ampliación dun inmovible emprazado na Rúa de Galicia, nº 93, Ribeira, para destinalo a edificio administrativo, usos múltiples e biblioteca", asinado polo arquitecto municipal, Oscar Pidre Mosquera, na data 03/10/2023, cuxa valoración final ascende á contía de 1.278.000,00€, o que fai que se teña incrementado o orzamento previsto inicialmente en 384.263,36€ respecto do anteproxecto inicial.

Visto o informe do interventor municipal asinado dixitalmente na data 03/10/2023 no que se recolle a xustificación da proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sustentabilidade financeira

**Esta Alcaldía propón ao Pleno, adopte acordo favorable sobre o seguinte:**

1.- Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para os "Incrementos no proxecto de Reconstrucción e ampliación dun inmovible emprazado na Rúa de Galicia, nº 93, Ribeira, para destinalo a edificio administrativo, usos múltiples e biblioteca".

2.- Solicitar o importe 384.263,36€, recollido no informe sobre os "Incrementos no proxecto de Reconstrucción e ampliación dun inmovible emprazado na Rúa de Galicia, nº 93, Ribeira, para destinalo a edificio administrativo, usos múltiples e biblioteca" asinado dixitalmente na data 03/10/2023.

3.- O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe do interventor municipal de data 03/10/2023.

4.- Designar ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.



-

- 6.- Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

-

- 7.- Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público.

-

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoc, 10 PP)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 6 de outubro de 2023 sobre **SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, PARA OS INCREMENTOS NO PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN E AMPLIACIÓN DUN INMOBLE EMPRAZADO NA RÚA DE GALICIA, Nº 93, RIBEIRA, PARA DESTINALO A EDIFICIO ADMINISTRATIVO, USOS MÚLTIPLES E BIBLIOTECA MUNICIPAL.** e en consecuencia aproba:

- **PRIMEIRO**:-Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para os "Incrementos no proxecto de Reconstrucción e ampliación dun inmovible emprazado na Rúa de Galicia, nº 93, Ribeira, para destinalo a edificio administrativo, usos múltiples e biblioteca".

- **SEGUNDO**:- Solicitar o importe 384.263,36€, recollido no informe sobre os "Incrementos no proxecto de Reconstrucción e ampliación dun inmovible emprazado na Rúa de Galicia, nº 93, Ribeira, para destinalo a edificio administrativo, usos múltiples e biblioteca" asinado dixitalmente na data 03/10/2023.



-  
- **TERCEIRO:**-O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe do interventor municipal de data 03/10/2023.

-  
- **CUARTO:**-Designar ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

-  
- **QUINTO:**-Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

-  
- **SEXTO:**-Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

-  
- **SÉTIMO:**-Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **21 horas e 45 minutos** do día da data do que eu, como Secretario dou fe e certificado.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo.Luis Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

